



## **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, A TRAVÉS DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO, E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE CÁLCULO INTENSIVO DOS MODELOS NUMÉRICOS PARA O SERVICIO DE PREDICCIÓN METEOROLÓXICA DE GALICIA**

### **1. Antecedentes.**

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (DXCACC), tal e como establece o Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (CMOT), vixente nos termos indicados na disposición transitoria segunda do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, exerce as competencias e funcións en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o medio ambiente provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección de dita incidencia, a avaliación dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia e o impulso da investigación ambiental e o desenvolvemento tecnolóxico para o logro da adecuada protección ambiental. En concreto, a través da Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático, a DXCACC exerce no ámbito da meteoroloxía e o cambio climático, entre outras, as funcións relativas á xestión dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia e a súa difusión, sen prexuízo das competencias que correspondan á Consellería de Economía, Emprego e Industria, no ámbito de aplicación da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

A fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA), é unha fundación de natureza fundacional, de interese galego, establecida sen ánimo de lucro, que se rexe pola Lei de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de interese Galego; polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego; pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado; pola Lei 50/2002, do 26 de decembro, de Fundacións; pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; e pola vontade do Fundador manifestada nestes Estatutos e demais lexislación de xeral aplicación.





En xeral son fins da Fundación CESGA todos aqueles que promovan o uso do cálculo intensivo e comunicacións avanzadas como instrumento para o desenvolvemento socioeconómico sostible, dedicando especial atención ás relacións de cooperación entre os centros de investigación públicos ou privados, universidades galegas e o sector produtivo.

O artigo 14 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico establece a posibilidade de que a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico formalice acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

Tendo en conta o interese común da CMOT e da Fundación CESGA na execución dos modelos numéricos axeitados que permitan acadar a finalidade de obter unha predición meteorolóxica para Galicia o mais exacta posible, ambas partes acordan subscribir un acordo de colaboración.

## **2. Obxecto e contido da colaboración.**

O acordo ten por obxecto regular a colaboración entre as partes asinantes para o desenvolvemento de actuacións de cálculo intensivo dos modelos numéricos para o servizo de predición meteorolóxica.

Como se indicou, a CMAOT, a través da DXCACC, realiza a predición meteorolóxica para Galicia e a súa difusión.

Non obstante, dita predición esixe a execución dos modelos numéricos que permitan realizar a predición nun contorno de cálculo de altas prestacións, coa incorporación dun sistema de asimilación de datos a partir das redes de observación, dos equipos propios de meteoroloxía e das condicións de contorno que subministran outras institucións meteorolóxicas.

Dada a complexidade do sistema a desenvolver e a non dispoñibilidade por parte da CMOT dos medios técnicos necesarios e imprescindibles para afrontar en solitario a tarefa obxecto deste acordo, faise necesaria a colaboración entre a CMOT, a través da DXCACC e a Fundación CESGA, no que se refire ao soporte para o cálculo intensivo dos modelos numéricos.

Os medios técnicos da Fundación CESGA, unido aos seus recursos humanos, con sobrada experiencia en materia de cálculo intensivo, convérteno no organismo coa capacidade e a





competencia necesaria para realizar labores de cálculo intensivo dos modelos numéricos para o servizo de predición operativo de Galicia.

### **3. Compensación de custos.**

De conformidade co establecido no artigo 14.3 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a CMOT, a través da DXCACC, compensará á Fundación CESGA polos gastos nos que incorra para a realización dos traballos descritos na cláusula segunda.

Estes gastos estímanse nunha cantidade máxima de trinta e catro mil seiscientos vinte e nove euros #34.629,00 €#. A compensación realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 07 02 541E 6401 dos orzamentos da DXCACC para o ano 2018, onde existe crédito axeitado e suficiente.

Esta cantidade será satisfeita mensualmente, trala presentación por parte da Fundación CESGA dunha memoria de traballos desenvolto, e previa conformidade da DXCACC.

### **4. Duración do acordo e natureza xurídica.**

Este acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

A vixencia deste acordo poderá ser prorrogada previo acordo expreso das partes, adoptado con anterioridade á súa finalización.

O acordo de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo.

A xurisdición contencioso – administrativa será a competente para coñecer as discrepancias que non poidan ser resolvas no seo da comisión de seguimento.

### **5. Xustificación do instrumento acordo de colaboración e exclusión do ámbito de aplicación da lei de contratos.**

Como se indicou existe un interese común entre a CMOT e da Fundación CESGA na execución dos modelos numéricos axeitados que permitan acadar a finalidade de obter unha predición meteorolóxica para Galicia o mais exacta posible. Ante este interese común considérase oportuno a sinatura dun acordo de colaboración, nos termos do artigo 14 da Lei 14/2013, entre as partes para





acadar a citada finalidade, mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

Este acordo polo tanto, no ten natureza contractual, estando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Neste sentido, estamos ante un acordo de colaboración coa Fundación CESGA, persoa xurídica privada que (1) ten a condición de poder adxudicador e (2) non ten vocación de mercado tal e como se acredita mediante o certificado emitido pola presidenta do padroado da Fundación.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

María Cruz Ferreira Costa

(Asinado dixitalmente)

